

Enquisa estrutural a fogares. Ocio e hábitos culturais

Datos correspondentes ao ano 2024

Resumo de resultados 16/05/2025

ÍNDICE

Principais resultados	1
Introdución	1
Asistencia a espectáculos e eventos culturais e tempo libre	2
Medios de comunicación	5
Actividade física ou deportiva	8
Libros	10
Definicións e máis información	13
Definicións	13
Descarga de datos	13

Principais resultados

- A porcentaxe de persoas de 5 ou máis anos que ven a televisión a diario baixa do 90,1% en 2014 ao 75,5 % en 2024.
- Sete de cada dez galegos/as de 5 ou máis anos practicaron algunha actividade física ou deportiva nos últimos 12 meses.
- O 14,9 % dos galegos/as de 5 ou máis anos leu libros a diario nos últimos 12 meses.

Introdución

A Enquisa estrutural a fogares é unha actividade estatística anual dirixida aos fogares galegos co obxecto de obter información sobre as súas características socioeconómicas. Consta de dúas partes: unha primeira de carácter xeral que se repite todos os anos, deseñada para recoller información sobre variables básicas, e unha segunda de carácter específico.

O módulo específico de 2024 está dedicado ao ocio e hábitos culturais. Este módulo ten como obxectivo coñecer os hábitos culturais e de lecer da poboación galega.

Asistencia a espectáculos e eventos culturais e tempo libre

A porcentaxe de poboación galega de 5 ou máis anos que asiste ao cine polo menos unha vez ao mes é do 9,3 %. Esta porcentaxe medrou 1 punto respecto ao ano 2014. Pola contra, a porcentaxe dos que non van nunca ao cine baixou do 55,6 % en 2014 ata o 54,1 % en 2024.

Persoas segundo a frecuencia de asistencia ao cine. Galicia

Unidade: porcentaxe

	2014	2024
Cada semana	0,85	0,68
Cada mes	7,49	8,66
Algunha vez ao ano	36,05	36,52
Nunca, porque non dispón dese servizo preto do seu fogar	5,55	3,29
Nunca, por outros motivos	50,06	50,85
Total	100,00	100,00

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares.

Nota: os datos fan referencia á poboación de 5 ou máis anos

No que respecta á asistencia a espectáculos deportivos, a porcentaxe de galegos e galegas que asiste polo menos unha vez no mes a este tipo de eventos aumentou do 13,8 % en 2014 ata o 15 % en 2024.

Persoas segundo a frecuencia de asistencia a espectáculos deportivos. Galicia

Unidade: porcentaxe

	2014	2024
Cada semana	7,18	6,86
Cada mes	6,65	8,09
Algunha vez ao ano	20,81	18,51
Nunca, porque non dispón dese servizo preto do seu fogar	3,71	2,23
Nunca, por outros motivos	61,65	64,31
Total	100,00	100,00

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares.

Nota: os datos fan referencia á poboación de 5 ou máis anos

O 2,7% da poboación galega de 5 ou máis anos asiste algunha vez ao mes a museos, exposicións, arquivos..., mentres que o 32,7% o fai algunha vez ao ano. Respecto a festas populares, verbenas e orquestras, o 5,6% asiste algunha vez ao mes e o 61,8% algunha vez ao ano.

Asistencia a espectáculos e eventos culturais. Galicia. Ano 2024

Unidade: porcentaxe

	Teatro, monicreques, contacontos, circo...	Espectáculos musicais (moderna, clásica, ópera...)	Museos, exposicións, arquivos	Festas populares, verbenas, orquestras
Algunha vez ao mes	1,98	3,39	2,72	5,59
Algunha vez ao ano	23,84	37,06	32,70	61,83
Nunca, porque non dispón dese servizo preto do seu fogar	4,21	3,07	3,35	0,55
Nunca, por outros motivos	69,97	56,48	61,23	32,03
Total	100,00	100,00	100,00	100,00

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares.

Nota: os datos fan referencia á poboación de 5 ou máis anos

Facer actividades coa familia é a actividade principal que realizan no seu tempo libre as persoas de 5 a 14 anos (43,0%), de 30 a 49 anos (36,0%) e de 50 a 64 anos (26,0%). A actividade principal das persoas de 15 a 29 anos é saír ou reunirse con amigos, ir a bares, cafeterías, restaurantes, discotecas... (31,8%), mentres que a das persoas de 65 ou máis anos é ver a televisión, escoitar a radio ou ler a prensa (43,2%).

Persoas segundo a actividade principal que realizan no seu tempo libre por idade. Galicia. Ano 2024

Unidade: porcentaxe

	De 5 a 14 anos	De 15 a 29 anos	De 30 a 49 anos	De 50 a 64 anos	De 65 ou máis anos	Total
Relacións sociais	50,47	43,81	49,23	36,18	25,68	39,11
Facer actividades coa familia	42,96	11,99	35,96	25,96	19,65	26,47
Saír ou reunirse cos amigos, ir a bares, cafeterías, restaurantes, discotecas...	7,51	31,82	13,27	10,22	6,03	12,64
Audiovisuais e lectura	19,21	38,20	34,84	39,98	49,83	39,29
Ver a televisión, escoitar a radio ou ler a prensa	6,45	3,13	10,66	20,66	43,19	20,48
Navegar por internet	5,39	24,79	14,41	8,30	1,44	10,11
Escoitar música, ver películas, series, documentais	5,20	7,94	7,08	6,20	1,53	5,33
Ler	2,16	2,35	2,69	4,82	3,67	3,37
Deportes e xogos	27,63	14,70	10,58	11,09	8,72	12,17
Facer actividade física ou deportiva (camiñar, nadar...)	14,51	11,00	9,13	10,78	8,31	10,00
Videoxogos, xogar (cartas, xadrez, xogos infantís...)	13,13	3,70	1,45	0,31	0,41	2,17
Bricolaxe, manualidades, xardinería...	0,61	1,07	3,94	11,54	14,73	8,01
Outra (inclúe actividades artísticas)	2,08	2,22	1,41	1,21	1,03	1,43
Total	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00


Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares.

Nota: os datos fan referencia á poboación de 5 ou máis anos que realiza actividades no seu tempo libre

Medios de comunicación

O 75,5 % da poboación galega de 5 ou máis anos ve a televisión a diario. Entre os que o fan en días laborables, o 33 % ven a televisión menos dunha hora durante o día, o 35,6 % máis dunha hora pero menos de dúas e o 31,4 % restante, máis de dúas horas.

Persoas segundo o número de horas diarias que dedican a ver a televisión en días laborables. Galicia. Ano 2024




Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares

Nota: os datos fan referencia á poboación de 5 ou máis anos que ve a televisión en días laborables

Durante a fin de semana, o 38,5 % das persoas que ven a televisión fano durante máis de dúas horas diarias.

Persoas segundo o número de horas diarias que dedican a ver a televisión en fin de semana. Galicia. Ano 2024



Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares

Nota: os datos fan referencia á poboación de 5 ou máis anos que ve a televisión en fin de semana

No tocante á prensa, o 30,3 % das persoas len o periódico todos os días, porcentaxe inferior á rexistrada no ano 2014.

Persoas segundo a frecuencia coa que len o periódico. Galicia

Unidade: porcentaxe

	2014	2024
Diariamente	33,25	30,26
Dúas ou máis veces á semana	12,61	14,65
Unha vez á semana	8,72	7,82
Polo menos unha vez ao mes	2,21	1,10
Esporadicamente	15,56	17,28
Nunca	27,65	28,90
Total	100,00	100,00

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares.

Nota: os datos fan referencia á poboación de 5 ou máis anos

Internet é o medio máis habitual entre as persoas de 16 ou máis anos para informarse da actualidade. O 56 % acoden en primeiro lugar a esta fonte. Séguelle a televisión, que é utilizada polo 34,1 % das persoas como primeiro recurso para informarse.

Hai diferenzas significativas en función da idade. Así, entre as persoas menores de 30 anos, o 93,5 % acode en primeiro lugar a Internet para informarse da actualidade e a televisión queda relegada moi por debaixo a un segundo lugar co 3,9 %. Para as persoas de 30 a 49 anos, Internet tamén segue a ser o medio máis habitual ao que acudir para informarse en primeiro lugar (80,9 %) seguido pola televisión (13,5 %). Só nas persoas maiores de 64 anos, os galegos e galegas recorren maioritariamente á televisión (68,9 %).

Persoas segundo a fonte á que acoden en primeiro lugar para informarse da actualidade. Galicia. Ano 2024

Unidade: porcentaxe

	De 16 a 29 anos	De 30 a 49 anos	De 50 a 64 anos	De 65 ou máis anos	Total
Internet	93,50	80,89	54,24	14,93	55,98
Televisión	3,93	13,51	34,06	68,88	34,09
Radio	0,24	1,92	5,23	6,15	3,82
Prensa en papel	0,62	2,11	5,00	6,00	3,82
Outra	0,26	0,36	0,25	0,55	0,37
Non se informa	1,44	1,21	1,22	3,49	1,93
Total	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares.

Nota: os datos fan referencia á poboación de 5 ou máis anos. Internet inclúe prensa, radio e televisión vía Internet


Actividade física ou deportiva

O 71% da poboación de 5 ou máis anos residente na comunidade autónoma de Galicia practicou actividade física ou deportiva nos últimos doce meses. A maioría (97,8 %) realizouna ao menos un día á semana.

Das persoas que practicaron actividade física ou deportiva polo menos un día á semana, o 28,2 % fixérono os sete días da semana fronte ao 3,8 % que o fixeron só un día.

Persoas segundo o número de días á semana que practicaron actividade física ou deportiva nos últimos 12 meses. Galicia. Ano 2024

Unidade: Porcentaxe



Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares

Nota: os datos fan referencia á poboación de 5 ou máis anos que practicou actividade física ou deportiva nos últimos 12 meses e polo menos unha vez á semana

Entre os rapaces e rapazas de 5 a 15 anos, os deportes máis practicados nas actividades extraescolares dos colexios son o baloncesto (16,5%), o atletismo (18,5%), o fútbol (18,6%) e outros xogos colectivos de balón (voleibol, balonmán...) cun 20,8 %. Fóra do colexio, o 30,6 % anda en bicicleta e o 33,6 % practica a natación.

Persoas menores de 16 anos que practicaron determinadas actividades físicas ou deportivas nos últimos 12 meses. Galicia. Ano 2024

Unidade: porcentaxe

	Si, no colexio	Si, fóra do colexio	Non	Total
Atletismo	18,50	4,34	77,16	100
Baile ou ballet	6,36	11,43	82,21	100
Baloncesto	16,53	8,18	75,28	100
Andar en bicicleta	2,01	30,57	67,42	100
Fútbol ou fútbol sala	18,56	25,76	55,68	100
Karate, judo ou similares	3,46	8,81	87,73	100
Nadar	4,35	33,62	62,04	100
Outros xogos colectivos de balón (voleibol, balonmán...)	20,76	6,89	72,35	100
Patinaxe	4,23	9,25	86,52	100
Pádel, tenis ou similares	7,21	8,17	84,62	100

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares.

Nota: As actividades físicas ou deportivas no colexio refírense ás actividades extraescolares, non incluíndo as clases de educación física

No tocante á poboación de 16 ou máis anos, o 79,3 % manifesta que sae a camiñar. Ademais, case 3 de cada dez persoas practican actividades deportivas en ximnasios ou outros centros (aerobic, ioga, musculación, cardio ...) e o 10,1 % fai acondicionamento físico na casa.

Persoas de 16 ou máis anos que practicaron determinadas actividades físicas ou deportivas nos últimos 12 meses. Galicia. Ano 2024

Unidade: porcentaxe

Actividades físicas ou deportivas	Incidencia
Camiñar	79,26
Correr	11,28
Actividades nun ximnasio ou noutros centros (aerobic, ioga, musculación, cardio...)	28,22
Acondicionamento físico na casa (bicicleta estática...)	10,07
Nadar	9,34
Andar en bicicleta	9,43
Fútbol, fútbol sala	6,20
Baloncesto	1,90
Outros xogos colectivos de balón (voleibol, balonmán, hóckey, rugby...)	1,43
Pádel, tenis ou similares (tenis de mesa, bádminton, squash...)	3,93
Caza, pesca	2,96
Outra	3,13

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares.

Libros

En 2024, o 14,9 % das persoas de 5 ou máis anos manifesta que leu libros nos últimos doce meses a diario. Esta porcentaxe diminuíu 2,5 puntos respecto ao ano 2014. Ademais produciuse unha aumento de case 3 puntos porcentuais na porcentaxe de poboación que non leu nunca nos últimos doce meses.

O 12,7 % das persoas que leron algún libro no último ano usou polo menos unha vez ao mes os servizos das bibliotecas para a consulta de libros. Estes servizos refírense a consulta de obras ou préstamos de libros non relacionados coa profesión ou estudo. No outro extremo o 75,7 % non utilizou nunca estes servizos nos últimos doce meses.

Persoas segundo a frecuencia coa que leron libros nos últimos 12 meses. Galicia

Unidade: porcentaxe

	2014	2024
Diariamente	17,31	14,85
Dúas ou máis veces á semana	12,38	12,38
Varias veces ao mes	10,78	12,42
Esporadicamente	14,71	12,69
Nunca	44,81	47,66
Total	100,00	100,00

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares.

Nota: os datos fan referencia á poboación de 5 ou máis anos. Só se consideran os libros non relacionados coa profesión ou estudo

A temática máis habitual é a novela seguida dos libros de divulgación e información (política, deportes, historia...).

Persoas segundo o tema de libros lidos nos últimos 12 meses. Galicia. Ano 2024

Unidade: porcentaxe


	Incidencia
Novelas	69,61
Infantil, xuvenil	17,84
Cómics, historietas	12,11
Biografías, memorias	17,59
Teatro, poesía	6,24
Divulgación, información (política, deportes, historia...)	34,76
Outro	0,36

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares.

Nota: os datos fan referencia á poboación de 5 ou máis anos que leu algún libro, non relacionado coa profesión ou estudo, nos últimos 12 meses

En cantidade de libros lidos, o 56,2% leu menos de 6 libros non relacionados coa súa profesión ou estudo nos últimos doce meses. A porcentaxe das persoas que leron entre 6 e 10 libros acadou o 22,4% e, finalmente, o 21,4% leu máis de dez libros no último ano.

**Persoas segundo o número de libros lidos
nos últimos 12 meses. Galicia. Ano 2024**



Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares

Nota: os datos fan referencia á poboación de 5 ou máis anos que leu algún libro, non relacionado coa profesión ou estudo, nos últimos 12 meses

Que os proxenitores sexan lectores habituais inflúe de xeito significativo neste hábito nos fillos. De feito, entre os rapaces e rapazas de 5 a 14 anos cuxos proxenitores son lectores habituais, o 67,7% tamén le habitualmente. Porén, esta porcentaxe redúcese ata o 40,6% entre os fillos cuxos proxenitores non son lectores habituais.

Entre a mocidade de 15 a 19 anos con proxenitores lectores habituais, a porcentaxe dos que len habitualmente redúcese considerablemente respecto aos de menor idade e sitúase no 47,4%.

Finalmente, entre a mocidade de 20 a 24 anos, cabe destacar que o 56,7% non le habitualmente a pesar de seren os proxenitores lectores habituais. Por outro lado, entre a mocidade cuxos proxenitores non len habitualmente, o 71,5% tampouco ten este hábito.

Fillos lectores segundo o sexan ou non os seus pais. Galicia. Ano 2024

Unidade: porcentaxe

	Pais lectores habituais	Pais non lectores habituais
De 5 a 14 anos		
Fillo lector habitual	67.64	40.59
Fillo non lector habitual	32.36	59.41
Total	100	100
De 15 a 19 anos		
Fillo lector habitual	47.39	24.04
Fillo non lector habitual	52.61	75.96
Total	100	100
De 20 a 24 anos		
Fillo lector habitual	43.31	28.48
Fillo non lector habitual	56.69	71.52
Total	100	100

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares

Definicións e máis información

Definicións

Descarga de datos

- Persoas segundo a frecuencia de asistencia ao cine
- Persoas segundo a frecuencia de asistencia a espectáculos deportivos
- Persoas segundo a frecuencia de asistencia ao teatro, monicreques, contacontos, circo...
- Persoas segundo a frecuencia de asistencia a espectáculos musicais (moderna, clásica, ópera...)
- Persoas segundo a frecuencia de asistencia a museos, exposicións, arquivos...
- Persoas segundo a frecuencia de asistencia a festas populares, verbenas, orquestras
- Persoas segundo a actividade principal que realizan no seu tempo libre por idade
- Persoas segundo a frecuencia coa que ven a televisión por idade
- Persoas segundo o número de horas diarias que dedican a ver a televisión en días laborables (de luns a venres)
- Persoas segundo o número de horas diarias que dedican a ver a televisión en fin de semana (sábado e domingo)
- Persoas segundo a frecuencia coa que escoitan a radio por idade
- Persoas segundo a frecuencia coa que len o periódico
- Persoas segundo a fonte á que acoden en primeiro lugar para informarse da actualidade por idade
- Persoas que practicaron actividade física ou deportiva nos últimos 12 meses por idade
- Persoas segundo o número de meses que practicaron actividade física ou deportiva nos últimos 12 meses por idade
- Persoas segundo o número de días á semana que practicaron actividade física ou deportiva nos últimos 12 meses
- Persoas de 16 ou máis anos que practicaron determinadas actividades físicas ou deportivas nos últimos 12 meses. Galicia e provincias
- Persoas menores de 16 anos segundo practicaron determinadas actividades físicas ou deportivas nos últimos 12 meses. Galicia
- Persoas segundo a frecuencia coa que leron libros nos últimos 12 meses
- Persoas segundo o tema de libros lidos nos últimos 12 meses
- Persoas segundo o número de libros lidos nos últimos 12 meses
- Persoas segundo a frecuencia coa que utilizaron os servizos dunha biblioteca nos últimos 12 meses